



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez .
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Carlos López Font.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce e corenta minutos do día trinta e un de outubro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1251).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1240).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA REDE SEN FÍOS “WIFI” EN CONTORNAS MUNICIPAIS. EXPTE. 8619/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/10/18 e o informe de fiscalización do 29/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 17/10/18, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e Administración Electrónica, o xefe de Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 07/09/2018 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro dunha rede sen fíos "WIFI" en contornas municipais

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/09/2018 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 16/10/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática.
- Memoria xustificativa do contrato de data 16/10/2018, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica, polo técnico responsable de seguridade informática e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 16/10/2018, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 16/10/2018.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de



Concello de Vigo

Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 07/09/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, se tramita como un contrato mixto, de servizos e subministro, o cal atendendo a que o servizo ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun 10,76% do custe mentres que os procesos derivados da subministración estímense nun 89,23% do custe total do contrato, a súa preparación e adxudicación se rexerá polo réxime xurídico previsto para o contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do subministro dunha rede sen fíos "WIFI" en contornas municipais.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 16/10/2018.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 16/10/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 130.000,00 €, que inclúe un IVE de 22.561,98 € con cargo a partida orzamentaria 9207. 6260003 (OT2 LA2, ACCESIBILIDADE TIC, EQUIPOS) dos exercicios 2018 e 2019 segundo o seguinte detalle:

Exercicio	Imp orte
2018	110.000, 00 €
2019	20.000,0 0 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1252).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO. EXPTE. 8568/224.

Visto o informe de fiscalización do 25/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	PUNTUACIÓN TOTAL
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 11 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida nas datas 16 e 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de setembro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 27.764,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.818,63 euros.
- b) O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de técnica bibliotecaria) conta con 48 meses de experiencia (a maiores do mínimo de 6 meses)

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1253).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 1538/611.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Administración Xeral e Contratación, a xefa do



Concello de Vigo

Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2018 formulou proposta de adxudicación deste procedemento, cuxa parte dispositiva se transcribe a continuación:

“Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 21.724,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros.
- b) Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido neste prego.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 19 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno local, en base á proposta formulada pola Mesa de Contratación, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) coas seguintes condicións:

- c) O prezo total do contrato é de 21.724,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros.
- d) Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido neste prego.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato foi asinado nas datas 1, 2 e 3 de agosto de 2018.

Cuarto.- O 26 de outubro de 2018, o adxunto ao xefe da Área de Deportes, remitiu ao Servizo de Contratación dilixencia de corrección de erros na que indica:

“Detectase un erro material na redacción do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local do contrato de “SUBMINISTRO DE ENERGÍA TÉRMICA ÚTIL PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTE DO SERVIZO DE DEPORTES”.

No apartado terceiro redactouse o texto sulinado e remarcado en negrita:

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) coas seguintes condicións:

- **O prezo total do contrato é de 21.724,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros.**
- Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido neste prego.

O apartado debería quedar redactado do seguinte modo:

Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) coas seguintes condicións:

- a) **O prezo total anual para o mantemento con garantía total é de 21.724,23 euros con IVE,** a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros. **Sendo o prezo total dos tres anos do contrato para o mantemento con garantía total de 65.172,69 euros con IVE,** a cota correspondente ao IVE 11.317,97 euros.



Concello de Vigo

- b) O importe total máximo **para a parte variable da tarifa de gas** para os tres anos de contrato é de 109.475,10 euros con IVE. Sendo o importe para cada anualidade do contrato de 36.491,7 euros con IVE.
- c) **O importe total máximo do contrato, mantemento total e a parte variable, para ós tres anos é de 174.647,79 con IVE.**
- d) Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido neste prego.
- e) Propón o valor porcentual de 90% como porcentaxe de desconto para a aplicación da facturación da enerxía térmica producida polas instalacións solares térmicas de acordo coas condicións determinadas no PPT".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LRXAP).

Neste procedemento, o Servizo de Deportes detectou un erro na transcripción da oferta proposta polo licitador clasificado en primeiro lugar no acordo de adxudicación do contrato. Este erro arrastra o da previa proposta formulada pola Mesa de Contratación.

Segundo a citada proposta de adxudicación da Mesa de Contratación do 5 de xullo de 2018 a oferta máis vantaxosa economicamente é a formulada por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, segundo os informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 de maio e 4 de xuño de 2018, respectivamente. Polo tanto, procede adxudicar este contrato ao citado licitador de acordo coa oferta por el presentada, pero tamén de acordo co disposto no PCAP que rexe esta contratación.

En consecuencia, cómpre corrixir o erro detectado na proposta de adxudicación que debe quedar redactado como segue:

- a) O prezo total anual para o mantemento con garantía total é de 21.724,23 euros con IVE, a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros. Sendo o prezo total dos tres anos do contrato para o mantemento con garantía total de 65.172,69 euros con IVE, a cota correspondente ao IVE 11.317,97 euros.
- b) O importe total máximo para a parte variable da tarifa de gas para os tres anos de contrato é de 109.475,10 euros con IVE. Sendo o importe para cada anualidade do contrato de 36.491,7 euros con IVE.
- c) O importe total máximo do contrato, mantemento total e a parte variable, para os tres anos é de 174.647,79 con IVE.
- d) Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido no PCAP.

e) Propón o valor porcentual de 90% como porcentaxe de desconto para a aplicación da facturación da enerxía térmica producida polas instalacións solares térmicas de acordo coas condicións determinadas no PPT.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

I. “Rectificar o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) que queda redactado como segue:

a) O prezo total anual para o mantemento con garantía total é de 21.724,23 euros con IVE, a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros. Sendo o prezo total dos tres anos do contrato para o mantemento con garantía total de 65.172,69 euros con IVE, a cota correspondente ao IVE 11.317,97 euros.

b) O importe total máximo para a parte variable da tarifa de gas para os tres anos de contrato é de 109.475,10 euros con IVE. Sendo o importe para cada anualidade do contrato de 36.491,7 euros con IVE.

c) O importe total máximo do contrato, mantemento total e a parte variable, para os tres anos é de 174.647,79 con IVE.

d) Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido no PCAP.

e) Propón o valor porcentual de 90% como porcentaxe de desconto para a aplicación da facturación da enerxía térmica producida polas instalacións solares térmicas de acordo coas condicións determinadas no PPT.

II. Rectificar o contrato asinado nas datas 1, 2 e 3 de agosto de 2018.

III. Dar conta deste acordo á Mesa de Contratación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1254).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS ANO 2018. EXPTE. 7343/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/10/18 e o informe de fiscalización do 30/10/18, dáse conta do informe-proposta de data



Concello de Vigo

29/10/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas e Animación Socio-Cultural, a concelleira-delegada de Festas e Turismo, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 7 de xuño de 2018 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2018 (expte. 7343/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 100.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 21 de xuño de 2018 foron publicadas no BOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2018. O prazo de presentación de solicitudes foi de 10 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPO, sendo o inicio o 22 de xuño e o remate o 5 de xullo, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base décimo primeira (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 10:00 horas do día 27 de setembro de 2018 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada pola Concelleira delegada da área de Festas e Turismo, dna Ana Laura Iglesias González que actúa como presidenta; e por Dna. Luz María González Domínguez como Xefa do servizo de Festas. En cumprimento do establecido na base décimo primeira 3) fai as funcións de secretaria, Dna. Luz María González Domínguez.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 27 de setembro que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados pola Técnica de xestión do Servizo de Festas e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención. A cláusula décimo cuarta das bases establece que as entidades beneficiarias, deberán xustificar antes do 1 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Dado o atraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2018 (expte. 7343/335), é necesario ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes ao día 10 de

novembro, respectando sempre o prazo establecido na Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2018.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima primeira 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade da concelleira de Turismo e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Primeiro: Que se resolva a convocatoria de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2018 (expte.7343/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 27 de setembro de 2018 por un importe total de **98.101,62 €** con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

Expte.	SOLICITANTE	CIF/NIF	Epí g	Programa	Importe a conceder por activi- dade	Importe to- tal conce- dido
FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.1. Festas de especial interese urbano. Asignación fixa por festa 6.000 €						
7495-335	Asociación Comisión de Festas da Xuventude	G27738889	1.1	Festa da Xuventude	6.000,00 €	6.000,00 €
7526-335	Soc. Cult. Fiestas de la Consolación de Coia	G-36633030	1.1	Festas da Consolación	6.000,00 €	6.000,00 €
7518-335	Hermanidad de Devotos de San Roque	G-36763225	1.1	Romaría de San Roque	6.000,00 €	6.000,00 €
FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 3.000 €						
7479-335	Asociación Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	1.2	Festas Patronais de Candeán	3.000,00 €	3.000,00 €
7485-335	Irmandade de Festas de Santa Ana	G36648095	1.2	Festas Patronais na honra de Santa Ana	3.000,00 €	3.000,00 €
7499-335	Irmandade de San Campio	G36840940	1.2	Festas Patronais San Campio	3.000,00 €	3.000,00 €
7501-335	Asociación de Fiestas del Rosario	G36710689	1.2	Festas Patronais da Nosa Sra. do Rosario	3.000,00 €	3.000,00 €
7504-335	Asoc. Cultural do Salvador de Teis	G36769214	1.2	Festas Paronais San Salvador de Teis	3.000,00 €	3.000,00 €
FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. Asignación fixa 2.000 €						
7494-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	1.3	XXXII Romería do Pan de Millo	2.000,00 €	2.000,00 €
7497-335	Asoc. de Vecinos del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	1.3	XVIII Festa do Xurelo	2.000,00 €	2.000,00 €



Concello de Vigo

7500-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	1.3	XXXIII Festa da Cereixa	2.000,00 €	2.000,00 €
					39.000,00 €	39.000,00 €
ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E RELACIONADAS COAS ARTES ESCÉNICAS						
7457-335	Asociación Cultural Traspes	G27739861	2.1	VI Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	1.046,57 €	2.037,07 €
			2.2	VIII Serán Traspés	990,50 €	
7461-335	Asociación Veciños Praza da Miñooca	G36842284	2.2	Festa de San Xoan – Chourizada	635,42 €	635,42 €
7462-335	Asociación Folclórica e Veciñal Anderela	G36698686	2.1	Festival Folclórico Fian-do Miudo	710,17 €	1.320,17 €
			2.2	Magosto	610,00 €	
7465-335	Asociación Folclórica Algara-bia	G27752989	2.1	Imos de Serán Algara-bia	616,73 €	616,73 €
7468-335	Movemento Cidadán O Noso Barrio	G36784296	2.2	Festa da Bouza 2018	600,00 €	600,00 €
7469-335	Asociación Cultural e deportiva San Xurxo de Saiáns	G36648988	2.2	XXXIII Festa da Amizade	1.196,08 €	1.196,08 €
7470-335	Asociación Cultural e Veciñal Pedra Moura	G36973840	2.1	Día das Letras Galegas	859,68 €	1.101,68 €
			2.2	Fiesta Papa Noel 2017	242,00 €	
7473-335	Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Sampaio	G36648103	2.2	Festa de San Xoan	860,00 €	860,00 €
7474-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	2.2	Festa de San Xoan	822,30 €	822,30 €
7475-335	Asoc. Festas Cultural Recreativa San Miguel Arcanxo	G27745918	1.1	Festas Patronais San Miguel Arcanxo	1.308,21 €	1.308,21 €
7478-335	Asociación Aboal	G36806609	2.2	Musical Familiar Aboal	1.046,57 €	1.046,57 €
7480-335	Asoc. Colectivo Cult. Alternativo Malaherba	G36983310	2.2	Festa da Sementeira e Recolleita	1.289,52 €	1.289,52 €
7482-335	Asociación Cultural Reencanto	G27780766	2.1	Galician Freaky Film Fest	1.000,00 €	1.000,00 €
7485-335	Irmandade de Festas de Santa Ana	G36648095	2.2	Festa dos Vellos/ Festa da Convivencia	1.382,97 €	1.382,97 €
7486-335	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	2.2	Festa das Candelas e San Brais	1.308,21 €	1.308,21 €
7488-335	Asociación de Veciños "as Fontes" de Vilar Lavadores	G36684991	2.2	Fogueira de San Xoán	840,99 €	840,99 €
7489-335	Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia	G36648608	2.2	Noite de San Xoán	859,68 €	859,68 €
		G36654036	2.2	Festa de San Xoán	766,24 €	2.093,14 €

7491-335	Asociación de Veciños San Pedro de Matamá la Unión		2.1	Festival Folclórico San Amaro	1.326,90 €	
7492-335	Asociación Cultural e Deportiva Val do Fragoso	G36640860	2.2	Noite de San Xoan	560,66 €	560,66 €
7493-335	Asociación de Veciños Monte da Mina de Castrelos	G36623593	2.2	Festa da Convivencia	1.102,63 €	1.102,63 €
7494-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	2.2	Festival Entroido	747,55 €	747,55 €
7496-335	Asociación de Veciños As Nosas Rúas de Vigo	G36640985	2.1	Festival As Nosas Rúas	300,00 €	300,00 €
7498-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	2.2	Romaria dos Ramallos	1.300,00 €	1.300,00 €
7500-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	2.1	Festival Folclórico	946,00 €	2.246,00 €
			2.2	Beade Dinámica	1.300,00 €	
7502-335	Asoc. Cultural Recreativa San Mamede de Zamáns	G36691855	2.2	Festa do Socio	650,00 €	650,00 €
7503-335	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	G36648996	2.2	Festa de San Xoán	593,03 €	593,03 €
7504-335	Asociación Cultural do Salvador de Teis	G36769214	2.2	Recuperando a Tradição	878,37 €	878,37 €
7505-335	Asociación Benéfica Beiramar	G36634608	2.1	"Got Talent"	750,00 €	750,00 €
7507-335	Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	2.1	A Música Tradicional-Revista	1.252,14 €	2.252,14 €
			2.2	Certame de Rondallas	1.000,00 €	
7510-335	Asociación Cultural de Beiran	G27818905	2.2	Festas patronais Nosa Sra. Da Soidade	1.158,70 €	1.158,70 €
7512-335	Asoc. de Veciños San Pedro de Sardoma O Carballo	G36649325	2.1	Nadal dos Nenos, Festival de Música e Maxia	675,00 €	1.815,01 €
			2.2	Festa do Socio	1.140,01 €	
7513-335	Asociación Veciños "Xunta Parroquial" de Valladares	G36750396	2.1	XX Certame Internacional de Regueifas	1.214,77 €	2.214,77 €
			2.2	16º Serán Tradicional	1.000,00 €	
7514-335	Asociación Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral	G36651073	2.2	Fogueira de San Xoán	897,06 €	897,06 €
7515-335	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo	G36627495	2.1	Homenaxe o Gaitero	1.252,14 €	2.410,85 €
			2.2	Enterro do Castrón (Entroido)	1.158,70 €	
7517-335	Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello	G36645885	2.1	Festa Dramatizada do Maios	1.233,46 €	2.466,91 €
			2.2	Festa Tradicional do Samain	1.233,46 €	
7519-335	Asociación de Veciños Novo Vigo	G27771195	2.1	Navia Para Qued'Arte	1.177,39 €	1.887,56 €
			2.2	Noite de San Xoan	710,17 €	



Concello de Vigo

7520-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	2.2	Festas Tradicionais	1.233,46 €	1.233,46 €
7521-335	Asociación Cultural "Xarabal"	G36884864	2.1	Festval Musical	915,75 €	915,75 €
7524-335	Agrupación de Centros Culturais do Concello de Vigo	G36791291	2.1	Festival de Baile Moderno	1.382,97 €	1.382,97 €
7525-335	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	2.1	Encontro Folclórico	1.065,26 €	1.065,26 €
7527-335	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	2.1	XXI Certamen de Bandas	1.300,00 €	2.645,59 €
			2.2	XXXV Festa do Socio	1.345,59 €	
7528-335	Asociación Cultural David Fernández Rivera	G27729821	2.1	Proxecto Almenara	1.257,13 €	1.257,13 €
7529-335	Asociación Veciñal Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores	G36633618	2.1	Venres Musicais	1.308,21 €	2.167,89 €
			2.2	Festa do Porco o Espeto	859,68 €	
7530-335	Asociación de Veciños Nosa Terra de Alcabre	G36649374	2.2	Noite de San Xoán	1.027,88 €	1.027,88 €
7531-335	Asociación Veciños O Freixo	G36654184	2.2	Festas do Ano (Letras Galegas e Entroido)	1.065,26 €	1.065,26 €
7532-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	2.1	Ciclo de Talleres de Teatro	922,46 €	1.790,46 €
			2.2	Festas de Interés	868,00 €	
					59.101,62 €	59.101,62 €

Segundo.- Á exclusión das solicitudes ás que se refiren a base sétima da Convocatoria e cuarta e sétima das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

EXPTE.	NOME ENTIDADE	CIF	CAUSA DESESTIMACIÓN	DE
7483-335	As. Coral de Teis	G-27806678	Base 4ª.1 das Bases	
7484-335	As. Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL)	G-27727593	Base 7ª.2-f das Bases	
7490-335	Asoc. Festas a Paloma da Garrida-Valladares	G-36962389	Base 7ª da Convocatoria	
7553-335	Asoc. Cult. Irmandade Festas das DoresCabral	G-36846921	Base 7ª. 2-a das Bases	
7554-335	Irmandade das Donas e Cabaleiros de Bouzas	G-27836816	Base 7ª. 2-a das Bases	

Terceira.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2018 (expte. 7343/335) previsto para o día 1 de novembro ao día 10 de novembro de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1255).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CINCO CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE 2019. EXPTE. 7644/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/10/18 e o informe de fiscalización do 31/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 22/10/18, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- ANTECEDENTES

1.- O servizo de Festas da Área de Festas e Turismo ten previsto entre súas actividades de carácter sociocultural a organización da “Cabalgata de Reis 2019”, que se vai celebrar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2019, polo que se fai necesaria a contratación do deseño e produción de cinco carrozas que tomarán parte na comitiva real.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de xestión do Servizo de Festas con data 17 de outubro de 2018 e coa conformidade da xefa do Servizo de Festas e da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2019.

3.- Con data 17/10/2018, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente no deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2019.

4.- Con data 17 de outubro de 2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

5.- Con data 18 de outubro de 2018, a Técnica de xestión do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Xefa do Servizo de Festas e pola Concelleira de Festas e Turismo.



Concello de Vigo

6.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 19 de outubro de 2018.

7.- O orzamento base de licitación co ivo incluído que ascende a 65.000,00 €, correspondendo 11.280,99 € ao ivo, que podería imputarse á aplicación presupostaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) (RC 201800014040) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2019 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).

Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

2.- O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a Técnica de xestión, xunto coa Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente no deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2019.

4.- En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Técnica de xestión, Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Técnica de

xestión e a Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

5.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A presente contratación encádrase no contrato de servizos administrativos, sociais, educativos, sanitarios e culturais do Anexo IV da citada Lei.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a ordinaria conforme ao artigo 156 da LCSP.

6.- Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2019 (expediente nº 7644-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 17 de outubro de 2018 asinado pola Técnica de Xestión e a Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 19 de outubro de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 65.000,00 € (correspondendo 11.280,99 € ao ivo) con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) (RC 201800014040), do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2019 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(1256).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO PARQUE MOBIL MUNICIPAL. EXPTE. 13397/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/10/18 e o informe de fiscalización do 31/10/18, dáse conta do informe-proposta do 23/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e Contratación e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.-Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 19/10/18 Informe de necesidade e idoneidade polo Xefe da Unidade de mantemento de Vías Municipais e en data 22/10/18 polo Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario. Tal e como se refire nos antecedentes do Informe, en data 11 de xaneiro de 2019 finaliza a segunda prórroga do contrato de subministro de combustibles coa Compañía Española de Petróleos, SAU (CEPSA), (expte. 10403/445), aprobada en data 21 de decembro de 2017 pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria.

2.-A Xunta de Goberno Local dada a devandita finalización, en data 31 de agosto de 2.018 aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais do Parque Móbil (expte. 13050/445).

3.-Na sesión extraordinaria e urxente de 4 de outubro de 2.018, a Xunta de Goberno Local acordou declarar deserto o “procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal” (13.050-445) por non ter presentado o único licitador admitido a súa oferta económica”, segundo a proposta realizada pola Mesa de Contratación, a cal na sesión de data 1 de outubro de 2.018 e tras a apertura de sobre C do único licitador presentado e admitido no procedemento, comprobou a non presentación da documentación esixida no PCAP na cláusula 14.2.c e no apartado 6B do Anexo I.

4.-Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse a medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato o subministro de combustibles a través de estacións de servizo de gasóleo A (B7) e gasolina/95 (E5) destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados.

5.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 22/10/18.

6.-Informase na Memoria xustificativa sobre a procedencia da tramitación de urxencia do presente procedemento por entender que concorren no presente suposto os requisitos de carácter obxectivo preceptivos para a aplicación da referida urxencia e establecidos no artigo 119 da LCSP; tanto por constituír unha necesidade inaprazable como é a pronta disposición de combustible para o correcto funcionamento dos diferentes servizos,

(principalmente os destinados as situacións de emerxencia) como pola existencia dun límite temporal establecido dada a proximidade da data de finalización do contrato vixente. Por outra banda concorren, do mesmo xeito razóns de orde público que fan necesario acelerar a adxudicación.

7.- O orzamento municipal definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2.017 contempla na aplicación orzamentaria "9202.2210300-Combustible e carburantes".

Trátase dun suposto de tramitación anticipada dos previstos no artigo 117.2 LCSP e carácter plurianual, motivo polo cal a adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios correspondentes de conformidade co disposto na Disposición Adicional Terceira, apartado 2 da LCSP.

8.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 19/10/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vias e en data 22/10/18 polo Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 22/10/18, acordando "iniciar o expediente para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A(B7) e gasolina/95(E5), destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil".

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vias e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais, en data 22/10/18.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 22/10/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vias, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais; e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 22/10/18 .

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 23 / 10/18.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 23/10/18.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.



Concello de Vigo

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación urxente (artigo 119 LCSP) así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para a contratación do subministro de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A(B7) e gasolina/95(E5), destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil”,

Segundo.- Aprobar o presente expediente de contratación para a contratación do subministro de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A(B7) e gasolina/95(E5), destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil”, que se seguirá a través do procedemento aberto e tramitación urxente.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vias e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais, en data 22/10/18.

Cuarto.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 23/10/18.

Quinto.- Autorizar o gasto o cal ascende a un máximo de **OITOCENTOS CINCO MIL NOVECENTOS SETENTA E CATRO EUROS (805.974€)** (IVE engadido ao tipo actual do 21%), sendo a partida do IVE de **CENTO TRINTA E NOVE MIL OITOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS E SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (139.879,79€)**.

Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9202.221030-Combustible e carburantes, e segundo a seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2019- de 12/01/2019 a 31/12/2019	389.738,12	322.097,62€	67.640,50€
2.020	402.987,00€	333.047,11€	69.939,89€
2021-1/01/2021 a 12/01/2.021	13.248,88€	10.949,49 €	2.299,39

Sexto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(1257).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS 2018. LOTE 1 VIGO SUR, LOTE 2 VIGO ESTE, LOTE 3 VIGO OESTE. EXPTE. 115/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30/10/18 e o informe de fiscalización do 31/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.210.00.05 (“Mantemento viario no rural”).

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 11.10.2018 acordou aprobar os proxectos redactados polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Fátima Martínez Giráldez e Jerónimo Centrón Castaños, para o reforzo de firmes en distintas rúas da cidade. Ditos proxectos foron redactados pola necesidade na mellora do firme nas calzadas das vías indicadas, para a súa rehabilitación e mantemento, de acordo coa seguinte relación de expedientes:

nº expte	Proxecto	Parroquia	Importe	Prazo exec.
3927-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA	BEADE	58.013,89 €	3 meses
3928-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO	BEADE	51.622,39 €	3 meses
3918-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE	BEADE	35.229,80 €	2 meses
3932-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO BARREIRA	BEADE	23.892,47 €	2 meses
3934-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO COSTA PETETA	SÁRDOMA	28.560,24 €	2 meses
3922-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RIOBOO	SÁRDOMA	8.365,90 €	2 meses
3924-443	PAVIMENTACIÓN RÚA NAIA	LAVADORES	78.464,27 €	2 meses
3930-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO SABAXÁNS	LAVADORES	60.162,34 €	3 meses
3913-443	PAVIMENTACIÓN RÚA PARDAVILA	LAVADORES	47.327,73 €	3 meses
3919-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO	LAVADORES	40.630,84 €	3 meses
3912-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SANTA CRISTINA	LAVADORES	30.624,47 €	3 meses
3916-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CORTELLAS	LAVADORES	17.403,26 €	2 meses
3921-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO POMBAL	LAVADORES	13.297,48 €	2 meses
3923-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SEGADE	BEMBRIVE	56.151,43 €	3 meses
3942-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CHAMUSCADA	CABRAL	51.254,94 €	3 meses
3917-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BECERREIRA	CABRAL	36.334,35 €	3 meses
3915-443	PAVIMENTACIÓN RÚA FONTIÑAS DE ARRIBA	CABRAL	36.334,35 €	3 meses
3925-443	PAVIMENTACIÓN RÚA FIGUEIRAS	CABRAL	213.086,97 €	4 meses

3943-443	PAVIMENTACIÓN AVENIDA SANTA MARINA	CABRAL	112.917,19 €	3 meses
3908-443	PAVIMENTACIÓN RÚA RABADEIRA	CANDEÁN	50.980,45 €	3 meses
3926-443	PAVIMENTACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL	TEIS	92.854,02 €	3 meses
3909-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RÍO DA BARXA	CORUXO	26.450,00 €	2 meses
3929-443	PAVIMENTACIÓN ESTRADA IGREXA RO-TEAS	OIA	93.919,24 €	3 meses
3933-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FONTES	ALCABRE	51.990,17 €	3 meses
3920-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TURIDO	ALCABRE	28.340,71 €	2 meses
3905-443	PAVIMENTACIÓN RÚA MANUEL COMINGES	MATAMÁ	154.560,39 €	4 meses
3904-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CARRAZÓNS	MATAMÁ	50.499,74 €	3 meses
3906-443	PAVIMENTACIÓN ESTRADA DA COSTA	VALADARES	54.796,54 €	3 meses
3936-443	PAVIMENTACIÓN BAIXADA PRAIA	SAIÁNS	165.051,62 €	4 meses

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

a) Os proxectos do expedientes aprobados pola Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2018 que inclúen Pregos de Prescripcóns Técnicas redactados polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaño e de acordo cos seguintes datos:

- 3927-443: PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA - BEADE”, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OCHO MIL TRECE EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS. (58.013,89€).
- 3928-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO, redactado con data 02/10/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS. (51.622,39€).
- 3918-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS. (35.229,80€).
- 3932-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO BARREIRA, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CO-RENTA E SETE CÉNTIMOS. (23.892,47€).



Concello de Vigo

- 3934-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO COSTA PETETA, redactado con data 2 e 3 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E OITO MIL CINCOCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (28.560,24€).
- 3922-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RIOBOO, redactado con data 3 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITO MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (8.365,90€).
- 3924-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA NAIA, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E OITO MIL CATROCENOS SESENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS, (78.464,27€).
- 3930-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO SABAXÁNS, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA MIL CENTO SESENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (60.162,34 EUROS).
- 3913-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA PARDAVILA, redactado con data 2 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CORENTA E SETE MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS. (47.327,73€).
- 3919-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO, redactado con data 2 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CORENTA MIL SEISCENTOS TRINTA EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS, (40.630,84€).
- 3912-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA SANTA CRISTINA, redactado con data 2 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA MIL SEISCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (30.624,47€).
- 3916-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA CORTELLAS, redactado con data 2 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASETE MIL CATROCENOS TRES EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS, (17.403,26€).
- 3921-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO POMBAL, redactado con data 2 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRECE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS. (13.297,48€).

- 3923-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA SEGADE, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E SEIS MIL CENTO CINCUENTA E UN EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (56.151,43 EUROS).
- 3942-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CHAMUSCADA, redactado con data 2 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS. (51.254,94€).
- 3917-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA BECERREIRA, redactado con data 2 e 3 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (36.334,35€).
- 3915-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA FONTIÑAS DE ARRIBA, redactado con data 2 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CENTIMOS. (36.334,35€).
- 3925-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA FIGUEIRAS, redactado con data 2 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRECE MIL OITENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS. (213.086,97€).
- 3943-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN AVENIDA SANTA MARINA II, redactado con data 2 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DOCE MIL NOVECENTOS DEZASETE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS. (112.917,19€).
- 3908-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA RABADEIRA, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (50.980,45 EUROS).
- 3926-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (92.854,02 €).
- 3909-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RÍO DA BARXA, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E SEIS MIL CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (26.450,00 EUROS). .



Concello de Vigo

- 3929-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN ESTRADA IGREXA ROTEAS, redactado con data 3 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E TRES MIL NOVECENTOS DEZANOVE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (93.919,24€).
- 3933-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FONTES, redactado con data 2 e 3 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL NOVECENTOS NOVENTA EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (51.990,17€).
- 3920-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TURIDO, redactado con data 2 de outubro de 2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E OITO MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (28.340,71€).
- 3905-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN RÚA MANUEL COMINGES, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (154.560,39 EUROS).
- 3904-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CARRAZÓNS, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA MIL CATROCIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (50.499,74 EUROS).
- 3906-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN ESTRADA DA COSTA, redactado con data 28/09/2018 polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (54.796,54 EUROS).
- 3936-443: PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN BAIXADA PRAIA - SAIANS, redactado con data 3 de outubro, polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CINCO MIL CINCUENTA E UN EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (165.051,62€).

b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control orzamentario da Área de Fometno de data 16.10.2018.

c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 16.10.2018.

d) Acta de replanteo asinada polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Dna. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños de data 17.10.2018.

e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 17.10.2018.

f) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29 de outubro de 2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase o cumprimento das disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación (informe da oficina de supervisión de proxectos incluída no expediente de aprobación de cada proxecto).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2018.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto por lotes, e tramitación ordinaria das obras contempladas nos seguintes proxectos:



Concello de Vigo

LOTE Nº1: VIGO SUR:

nº expte	Proxecto	Parroquia	Importe
3927-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA	BEADE	58.013,89 €
3928-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO	BEADE	51.622,39 €
3918-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE	BEADE	35.229,80 €
3932-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO BARREIRA	BEADE	23.892,47 €
3934-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO COSTA PETETA	SÁRDOMA	28.560,24 €
3922-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RIOBOO	SÁRDOMA	8.365,90 €
3924-443	PAVIMENTACIÓN RÚA NAIA	LAVADORES	78.464,27 €
3930-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO SABAXÁNS	LAVADORES	60.162,34 €
3913-443	PAVIMENTACIÓN RÚA PARDAVILA	LAVADORES	47.327,73 €
3919-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO	LAVADORES	40.630,84 €
3912-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SANTA CRISTINA	LAVADORES	30.624,47 €
3916-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CORTELLAS	LAVADORES	17.403,26 €
3921-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO POMBAL	LAVADORES	13.297,48 €
3923-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SEGADE	BEMBRIVE	56.151,43 €

Lote nº2 VIGO ESTE

nº expte	Proxecto	Parroquia	Importe
3942-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CHAMUSCADA	CABRAL	51.254,94 €
3917-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BECERREIRA	CABRAL	36.334,35 €
3915-443	PAVIMENTACIÓN RÚA FONTIÑAS DE ARRIBA	CABRAL	36.334,35 €
3925-443	PAVIMENTACIÓN RÚA FIGUEIRAS	CABRAL	213.086,97 €
3943-443	PAVIMENTACIÓN AVENIDA SANTA MARINA	CABRAL	112.917,19 €
3908-443	PAVIMENTACIÓN RÚA RABADEIRA	CANDEÁN	50.980,45 €
3926-443	PAVIMENTACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL	TEIS	92.854,02 €

Lote nº 3:VIGO OESTE:

nº expte	Proxecto	Parroquia	Importe
3909-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RÍO DA BARXA	CORUXO	26.450,00 €
3929-443	PAVIMENTACIÓN ESTRADA IGREXA ROTAS	OIA	93.919,24 €
3933-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FONTES	ALCABRE	51.990,17 €
3920-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TURIDO	ALCABRE	28.340,71 €
3905-443	PAVIMENTACIÓN RÚA MANUEL COMINGES	MATAMÁ	154.560,39 €
3904-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CARRAZÓNS	MATAMÁ	50.499,74 €
3906-443	PAVIMENTACIÓN ESTRADA DA COSTA	VALADARES	54.796,54 €
3936-443	PAVIMENTACIÓN BAIXADA PRAIA	SAIÁNS	165.051,62 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29 de outubro de 2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de UN MILLÓN SETECENTOS SESENTA E NOVE MIL CENTO DEZASETE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (1.769.117,19€), sendo o importe correspondente ao IVE de 307.036,87€, e de acordo coa seguinte distribución por lotes e anualidades:

EXPTE.	TÍTULO DO PROXECTO	Importe	2018	2019
3927-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CABADA	58.013,89 €	19.000,00 €	39.013,89 €
3928-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BABIO	51.622,39 €	17.000,00 €	34.622,39 €
3918-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BALDE	35.229,80 €	18.000,00 €	17.229,80 €
3932-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO BARREIRA	23.892,47 €	12.000,00 €	11.892,47 €
3934-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO COSTA PETETA	28.560,24 €	14.000,00 €	14.560,24 €
3922-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RIOBOO	8.365,90 €	4.000,00 €	4.365,90 €
3924-443	PAVIMENTACIÓN RÚA NAIA	78.464,27 €	39.000,00 €	39.464,27 €
3930-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO SABAXÁNS	60.162,34 €	20.000,00 €	40.162,34 €
3913-443	PAVIMENTACIÓN RÚA PARDAVILA	47.327,73 €	16.000,00 €	31.327,73 €
3919-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO	40.630,84 €	14.000,00 €	26.630,84 €
3912-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SANTA CRISTINA	30.624,47 €	10.000,00 €	20.624,47 €
3916-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CORTELLAS	17.403,26 €	9.000,00 €	8.403,26 €
3921-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO POMBAL	13.297,48 €	7.000,00 €	6.297,48 €
3923-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SEGADE	56.151,43 €	19.000,00 €	37.151,43 €
		549.746,51 €	218.000,00 €	331.746,51 €
EXPTE.	TÍTULO DO PROXECTO	Importe	2018	2019
3942-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CHAMUSCADA	51.254,94 €	17.000,00 €	34.254,94 €
3917-443	PAVIMENTACIÓN RÚA BECERREIRA	36.334,35 €	12.000,00 €	24.334,35 €
3915-443	PAVIMENTACIÓN RÚA FONTIÑAS DE ARRIBA	36.334,35 €	12.000,00 €	24.334,35 €



Concello de Vigo

3925-443	PAVIMENTACIÓN RÚA FIGUEIRAS	213.086,97 €	71.000,00 €	142.086,97 €
3943-443	PAVIMENTACIÓN AVENIDA SANTA MARINA	112.917,19 €	38.000,00 €	74.917,19 €
3908-443	PAVIMENTACIÓN RÚA RABADEIRA	50.980,45 €	17.000,00 €	33.980,45 €
3926-443	PAVIMENTACIÓN RÚA DOUTOR CORBAL	92.854,02 €	31.000,00 €	61.854,02 €
		593.762,27 €	198.000,00 €	395.762,27 €

EXPTE.	TÍTULO DO PROXECTO	Importe	2018	2019
3909-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO RÍO DA BARXA	26.450,00 €	13.000,00 €	13.450,00 €
3929-443	PAVIMENTACIÓN ESTRADA IGREXA ROTEAS	93.919,24 €	31.000,00 €	62.919,24 €
3933-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FONTES	51.990,17 €	17.000,00 €	34.990,17 €
3920-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO TURIDO	28.340,71 €	14.000,00 €	14.340,71 €
3905-443	PAVIMENTACIÓN RÚA MANUEL COMINGES	154.560,39 €	52.000,00 €	102.560,39 €
3904-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CARRAZÓNS	50.499,74 €	17.000,00 €	33.499,74 €
3906-443	PAVIMENTACIÓN ESTRADA DA COSTA	54.796,54 €	18.000,00 €	36.796,54 €
3936-443	PAVIMENTACIÓN BAIXADA PRAIA	165.051,62 €	55.000,00 €	110.051,62 €
		625.608,41 €	217.000,00 €	408.608,41 €
	Total		2.018	2.019
	Lote nº 1 Vigo Sur	549.746,51 €	218.000,00 €	331.746,51 €
	Lote nº 2 Vigo Este	593.762,27 €	198.000,00 €	395.762,27 €
	Lote nº 3 Vigo Oeste	625.608,41 €	217.000,00 €	408.608,41 €
		1.769.117,19 €	633.000,00 €	1.136.117,19 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.05 (“Mantemento viario no rural”) a nivel de bolsa de vinculación.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade os seguintes porcentaxes:

Lote nº 1 Vigo Sur	152, 18 %
Lote nº 2 Vigo Este	199,88 %
Lote nº 3 Vigo Oeste	188,30 %
Total	179,48 %

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1258).- AMPLIACIÓN PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL AO PROXECTO PRESENTADO POLO CONCELLO DE VIGO DENOMINADO “VIGO VERTICAL”. EXPTE. 125/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O Boletín Oficial do Estado de data 17 de novembro de 2015, publicou a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de Xaneiro de 2016, acordou, aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 e aprobou a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL”.

III.- Con data 3 de outubro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, publicou a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outras se CONCEDE axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de outubro de 2016, acordou aceptar a citada axuda de 15.000.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas na dita resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

IV.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publicou Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €

v.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.10.2017 (rectificado en sesión de 02.11.2017) acordou o nomeamento como funcionarios interinos por execución de programa de carácter temporal de dous Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e cinco Técnicos de Xestión por un período máximo de tres anos (novembro de 2017 a outubro 2020), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas na memoria xustificativa sobre necesidade de nomeamento como funcionarios interinos para o ámbito programático de xestión das axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical.

VI.- O volume das obras tramitadas (superan os 30 millóns de euros), a existencia dunha alta incidencia de elementos e instalacións de carácter industrial (ascensores exteriores, rampas mecánicas, escaleiras, instalacións en túneles, etc, fai necesario incrementar a dotación e especialización do persoal técnico que desenvolve as súas funcións no citado ámbito programático, resultando imprescindible e urxente ampliar o mesmo nun Enxeñeiro/a Industrial ao obxecto de cumprir cos prazos e obxectivos establecidos. O período do nomeamento sería ata outubro de 2020, prazo establecido no acordos de Xunta de Goberno Local de data 30.10.2017 (rectificado en sesión de 02.11.2017).

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- Xustificación da necesidade

No marco dos obxetivos temáticos 4 (favorecer a transición a unha economía baixa en carbono) e 6 (protexer o medio ambiente e promover a eficiencia de recursos) no citado ámbito programático veñen neste momento temporal desenvolvéndose diversas actuacións:

- Obras para a mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (Fase II)
- Implantación das políticas de desenvolvemento urbano sostible. Ascensor entre a Rúa San Salvador e Praza de Isabel A Católica (4694/440)
- Obras de implantación de políticas de desenvolvemento urbano sostible no Parque Camilo José Cela e Rúa Juan Ramón Jiménez (entre Torrecedeira e Pi e Margall) (4860/440)

- Obras de rehabilitación e transformación do controrno da Gran Vía entre Rúa María Berdiales e Rúa Venezuela- coa instalación de diferentes rampas mecánicas de mobilidade urbana (76/441)
- Obras de humanización da Rúa Marqués de Valterra -coa incorporación dun ascensor urbano entre Rúa Instituto Oceanográfico e Torrecedeira-. (4838/440)
- Obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede Viaria (4468/440)

Nos memos obxectivos temáticos están en fase previa (estudio para a futura redacción de proxectos) diferentes obras susceptibles de encaixe como actuacións do programa:

- Mellora accesibilidade en Juan Ramón Jiménez (entre Jacinto Benavente e Torrecedeira)
 - Mellora accesibilidade peonil entre a Rúa Serafín Avendaño e Vía Norte
 - Mellora accesibilidade e mobilidade entre a Rúa Pracer e o Monte do Castro
- etc

Tal e como se indica na parte expositiva da presente proposta de acordo, o volume das obras tramitadas —que superan os 30 millóns de euros—, a existencia dunha alta incidencia de elementos e instalacións de carácter industrial —ascensores exteriores, rampas mecánicas, escaleiras, instalacións en túneles, etc— fai necesario incrementar a dotación e especialización do persoal técnico que desenvolve as súas funcións na execución do citado programa, sendo imprescindible e uxente ampliar o mesmo nun Enxeñeiro/a Industrial ao obxecto de cumprir cos prazos e obxectivos establecidos. O período do nomeamento sería ata outubro de 2020, prazo establecido no acordos de Xunta de Goberno Local de data 30.10.2017 (rectificado en sesión de 02.11.2017).

II.- Procedemento

O artigo 10.1.c do Real Decreto LeXislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 de 31.10.2015) establece a posibilidade de nomear funcionarios interinos para a axecución de programas carácter temporal que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata dos meses máis polas leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do Estatuto Básico do empregado público.

En base ao anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente (artigo 127.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local) a adopción do seguinte

ACORDO



Concello de Vigo

«Ampliar nun Enxeñeiro/a Industrial a dotación de persoal contratado para a execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado Vigo Vertical, cofinanciada mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, en virtude da Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección das devanditas Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez